

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2026033530
ASUNTO	GALARDÓNS TURISMO RÍAS BAIXAS
TRÁMITE	Concesión dos galardóns

**O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN.**

Mediante Resolución Presidencial, nº 2026003534, apróbanse as Bases Reguladoras para a concesión dos GALARDÓNS TURISMO RÍAS BAIXAS, cuxa finalidade é visibilizar e poñer en valor aquelas iniciativas profesionais e entidades que contribúen, de xeito destacado, ao desenvolvemento turístico do destino Rías Baixas. Á convocatoria presentáronse un total de oitenta e catro candidaturas, repartidas entre as seguintes categorías: *Premio ao mellor proxecto de turismo responsable; Premio á innovación en turismo; Premio ao mellor proxecto municipal; Premio á mellor oficina de turismo da Rede Info Rías Baixas; Premio á mellor persoa informadora turística; Premio á traxectoria profesional no turismo; Premio á traxectoria dunha entidade turística e Premio ao recurso ou experiencia turística máis destacable nas redes sociais do Destino Rías Baixas.* Sendo premios sen contido económico asociado.

Vista a proposta formulada polo xurado profesional reunido o día 21 de maio de 2026, relativa á concesión dos **I Premios Turismo Rías Baixas**, convocados pola Deputación de Pontevedra – Turismo Rías Baixas, de conformidade co establecido nas bases reguladoras da convocatoria.

Visto que os premios teñen por finalidade recoñecer iniciativas, proxectos, entidades e profesionais que contribúan á promoción, innovación, sustentabilidade, excelencia e valorización turística da provincia de Pontevedra e do destino Rías Baixas.

Visto o contido da acta emitida polo xurado avaliador, o día 28 de maio de 2026, na que consta a valoración motivada das candidaturas propostas e os documentos de apoio e valoración de tódalas candidaturas, con CSV 2YP6AID7PoLVgM15.

Visto que o xurado profesional estivo integrado por:

- D. Jesús Vázquez Almuiña, Deputado de Turismo.
- D<sup>a</sup> Romina Fernández Pena, Directora de Turismo Rías Baixas.
- D<sup>a</sup> Amanda Sartier Saburido, Xefatura de sección do Servizo de Turismo Rías Baixas.
- D<sup>a</sup> Vanesa Diz González, Xefatura de negociado de Intelixencia Turística do Servizo de Turismo Rías Baixas.
- D. Cesáreo G. Pardal, Presidente do Clúster Turismo de Galicia.
- D. César S. Ballesteros, Presidente da Federación Provincial de Turismo e Hostalería de Pontevedra (FEPROTUR).

Consta igualmente na acta do xurado a abstención de D. Cesáreo G. Pardal na valoración correspondente á categoría "*Premio á Traxectoria Profesional no Turismo*", así como a abstención de D<sup>a</sup> Romina Fernández Pena



nas categorías “Premio ao Mellor Proxecto Municipal” e “Premio á Traxectoria Profesional no Turismo”, todo elo en garantía dos principios de imparcialidade e transparencia no proceso de valoración.

Visto o elevado nivel das candidaturas presentadas nesta primeira edición, cun total de 84 candidaturas procedentes de distintos ámbitos do sector turístico provincial.

De conformidade co disposto nas bases reguladoras da convocatoria e no exercicio das competencias atribuídas á Presidencia da Deputación de Pontevedra, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.–

Conceder os **I Premios Turismo Rías Baixas 2026** ás seguintes candidaturas, en base á proposta motivada emitida polo Xurado Profesional:

**PREMIO AO MELLOR PROXECTO DE TURISMO RESPONSABLE: PIRAGÜILLAS S.C.**

“Por demostrar que o turismo activo pode ser sostible, auténtico e comprometido, poñendo en valor o mar, a cultura mariñeira e a identidade das Rías Baixas.”

**PREMIO Á INNOVACIÓN EN TURISMO: TEE TRAVEL S.L.**

“Por aplicar a innovación tecnolóxica á experiencia do Camiño e das rutas turísticas, creando ferramentas dixitais máis accesibles, interactivas e personalizadas.”

**PREMIO AO MELLOR PROXECTO MUNICIPAL: ALDEAS DE NADAL – CONCELLO DE LALÍN**

“Por impulsar desde o interior da provincia un proxecto municipal capaz de dinamizar o territorio, atraer visitantes e converter unha iniciativa local nun referente nas Rías Baixas.”

**PREMIO Á MELLOR OFICINA DE TURISMO DA REDE INFO RIAS BAIXAS: OFICINA DE TURISMO MAR DE SANTIAGO – VILANOVA DE AROUSA**

“Por facer da súa Oficina de Turismo un exemplo de atención, calidade e innovación dentro da Rede INFO RIASBAIXAS.”

**PREMIO Á MELLOR PERSOA INFORMADORA TURÍSTICA: VALENTÍN VEREA ARGIBAY**

“Por facer da información turística unha forma de acoller, transmitir paixón e converter cada visita nunha experiencia única nas Rías Baixas.”

**PREMIO Á TRAXECTORIA PROFESIONAL NO TURISMO: FRANCISCO GONZÁLEZ LÓPEZ**

“Por unha vida dedicada ao impulso, profesionalización e unión do sector turístico das Rías Baixas, converténdose nunha figura clave da colaboración público-privada e do asociacionismo turístico en Galicia.”



**PREMIO Á TRAXECTORIA DUNHA ENTIDADE TURÍSTICA: CASA DO PATRÓN**

“Por unha longa traxectoria de traballo asociativo e compromiso coa conservación da cultura e do patrimonio rural galego, contribuíndo a manter viva unha parte esencial da identidade da provincia de Pontevedra.”

**PREMIO AO RECURSO OU EXPERIENCIA TURÍSTICA MÁIS DESTACABLE NAS REDES SOCIAIS DO DESTINO RÍAS BAIXAS: BOSQUE DE NADAL DE NOALLA – SANXENXO**

“Por converter unha iniciativa feita con ilusión, participación veciñal e espírito de comunidade nun dos contidos turísticos con maior impacto nas redes sociais de Turismo Rías Baixas.”

**SEGUNDO.–**

Recoñecer expresamente o elevado nivel e a ampla participación rexistrada nesta primeira edición dos premios, na que se presentaron un total de 84 candidaturas procedentes de distintos ámbitos do sector turístico provincial.

**TERCEIRO.–**

Dispor a publicación da presente resolución nos medios e canles oficiais da Deputación de Pontevedra – Turismo Rías Baixas, de conformidade co establecido nas bases reguladoras da convocatoria.

**CUARTO.–**

Proceder á entrega dos galardóns no acto institucional dos I Premios Turismo Rías Baixas 2026, o día 28 de maio de 2026 no Parador de Baiona.

*Asinado dixitalmente ao marxe.*

*Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa recepción (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da mesma (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.*

